

ORDENANZA 3.21

**TAXA POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRÚAS E POR RESERVA DA
VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO**

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto no artigo 20.1 A), do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local, pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, a que se refire o art.20.3.h) do TRLFL e que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para o aparcamento exclusivo.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen o aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que den acceso as entradas de vehículos, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios.

Artigo 4º. Base imponible

A base tributaria estará constituída, según ó feito imponible:

1. Polo número en metros da lonxitude da entrada ou paso de vehículos no caso da entrada de vehículos a través da beirarrúas
2. Pola superficie, en metros cuadrados, ocupada pola reserva de vía pública para o aparcamento exclusivo noutro suposto

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base ó 5% do valor do metro de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo.
2. Asemesmo, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación establecidos para ó cálculo da débeda tributaria no IAE según a categoría da rúa en donde se encontren ubicados as entradas de vehículos a través das beirarrúas ou á zona para aparcamento exclusivo.
3. As rúas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor , a efectos da determinación da débeda tributaria , de **398,774737 €**
4. No caso de suxeitos pasivos da taxa que sexan titulares de locais nos que se desenvolvan actividades de garda e custodia de vehículos, baixo calquera modalidade (en garaxes cubertos, aparcamentos subterráneos ou parkings, en solares ou terreos sen edificar), a súa cuota tributaria incrementaráse nun 200%.
5. No caso de se tratar de vados laborais ou vados de vivendas unifamiliares, a cota tributaria ponderaráse pola aplicación do coeficiente 0,80. A estes efectos considérase vado laboral áquel que reuna os requisitos mencionados na Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.
6. En todo caso, e con carácter mínimo esixirásese unha cota de 30,05 €
7. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizarásese cada ano según o índice que sinale a Lei de orzamentos estatal para a actualización de valores catastrais

Artigo 6º. Periodo impositivo e devengo

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en cuo caso abarcará dende a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.
2. A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, salvo cando nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a data de inicio non coincida co ano natural, de tal xeito que neste caso as cotas calcularáanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para rematar o ano, incluído o de comenzo da utilización ou aproveitamento especial.
3. Asemesmo, e no caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cuotas serán prorrateables por trimestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.
- 4. Nos supostos de cambios de titularidade manténdose a licenza inicial, a cota será irreductible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular da autorización a día un de xaneiro.**

Artigo 7º. Normas de xestión

- 1.-A taxa xestiónase a partires do padrón da mesma. Dito padrón formarásese anualmente polos Servicios económicos do Concello, e estará constituído por censos comprensivos dos suxeitos pasivos e das cuotas tributarias..
2. Nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, o suxeito pasivo estará obrigado a presentar autoliquidación da taxa nos impresos habilitados ao efecto na Administración municipal e a ingresar a débeda tributaria resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas.
- 3. *A autoliquidación ingresada será a conta da liquidación provisional que se practique, de ser o caso, no intre da concesión da licenza para o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.***
- 4.- O Servicio de Urbanismo comunicará ao Servicio de Xestión, Inspección e Recadación Tributaria os decretos de concesión de licenzas para o aproveitamento especial ou utilización privativa, para a súa inclusión no padrón do período impositivo seguinte.

5.- No caso de baixa, anulación, revogación e modificación das licenzas concedidas polo Servizo de Urbanismo, se lle comunicará ao Servizo de Xestión, Inspección e Recadación Tributaria a efectos de proceder á exclusión ou modificacións do Padrón que correspondan

6.- A recadación das debidas tributarias dos períodos impositivos posteriores ós das altas no censo, efectuaráse mediante a expedición dos recibos, en base o padrón da tasa, nos que figurarán os titulares das licenzas de utilización privativa ou aproveitamento especial.

7.- O padrón da tasa exporáse o público polo prazo de quince días para que os interesados podan examinala , e no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Dita exposición o público e a indicación do prazo de pago das debidas tributarias, comunicaráse mediante a inserción de anuncios no Tablón de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da provincia e nun periódico dos de maior tirada da provincia e producirá os efectos de notificación colectiva a que se refire o art.102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.